



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito respecto de la necesidad de acometer actuaciones de rehabilitación y mejora en la N-120, en particular a su paso por el municipio de Quiroga.**

El BNG ha denunciado, a través de diferentes iniciativas parlamentarias, el mal estado general y la necesidad de actuaciones urgentes en diferentes tramos de la N-120, reclamando un plan integral para su mejora. Conviene recordar, por ejemplo, que el tramo entre Pantón y Os Peares se encuentra entre los de mayor accidentalidad del Estado y que lleva varios años siendo considerado el trayecto más peligroso en los informes del RACE por su elevada siniestralidad.

Asimismo, también cabe destacar el mal estado de esta vía a su paso por la comarca de Valdeorras, donde la N-120 es la única alternativa para desplazarse hasta Ourense, carretera que se convierte en una auténtica carrera de obstáculos. En el momento actual, uno de los tramos en peor estado es el que atraviesa el municipio de Quiroga, donde pueden observarse baches de gran tamaño y grietas en la vía. Por lo tanto, entre Quiroga y Augasmestas, la capa de rodadura encuentra en un estado deplorable, lo que implica un mayor riesgo de accidentes y daños a los vehículos. Una situación que se agrava en periodos de lluvias intensas, como ocurre en el trimestre invernal, en el que los baches se agrandan y se hacen más difíciles de esquivar al quedar cubiertos por el agua, favoreciendo accidentes y averías.



Además del mal estado del firme, en este mismo tramo se observa una falta de conservación de los márgenes, en los que el crecimiento de la vegetación invade los arcenes y dificulta la visibilidad.

Si bien el pasado mes de diciembre el Ministerio de Transportes adjudicó un contrato para la conservación de las carreteras de titularidad estatal en Lugo que, en teoría, beneficiaría también a la N-120, el tramo mencionado sigue sin ser objeto de las actuaciones de reparación y mantenimiento, a pesar de que son urgentes e imprescindibles. Por todo ello, el BNG, al igual que el conjunto de los vecinos de las comarcas por las que atraviesa la N-120 y que todas las personas usuarias, exige que se agilicen las actuaciones y que se acometan cuanto antes las obras de acondicionamiento de la N-120 en todos los tramos en mal estado, pero en especial, en los que afectan al municipio de Quiroga.

**Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Cuándo va a ejecutar el Gobierno las actuaciones de mejora y rehabilitación del firme de la N-120 contempladas en el contrato adjudicado el pasado mes de diciembre para la conservación de las carreteras estatales en Lugo?
2. ¿No creen que se deberían agilizar estas obras dado el mal estado de muchos de sus tramos, como el paso por el municipio de Quiroga, con numerosos baches y grietas?



CONGRESO DE  
LOS DIPUTADOS



3. ¿Tienen también previsto realizar trabajos de limpieza de los márgenes de la carretera en esta zona para mejorar la visibilidad?
4. ¿Cuándo tienen previsto ejecutar la mejora del tramo situado entre Pantón y Os Peares de la N-120, uno de los tramos con mayor siniestralidad del Estado?

Madrid, a 27 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

27 MAR. 2025 11:00:01

Entrada **63081**

Para a axilización das obras de reparación e mellora na N-120,  
especialmente en Quiroga

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de emprender actuacións de rehabilitación e mellora da N-120, especialmente ao seu paso polo Concello de Quiroga.**

O BNG ten denunciado, a través de distintas iniciativas parlamentares, o mal estado xeral e a necesidade de actuacións urxentes en distintos tramos da N-120, reclamando un plan integral para a súa mellora. Cabe lembrar, por exemplo, que o tramo entre Pantón e Os Peares está entre os de maior sinistralidade do Estado e que foi considerado o traxecto máis perigoso nos informes do RACE durante varios anos atendendo á súa alta sinistralidade.

Así mesmo, cabe destacar tamén o mal estado desta vía ao seu paso pola comarca de Valdeorras, lugar en que a N-120 é a única alternativa para desprazarse até Ourense, camiño que se converte nunha verdadeira carreira de obstáculos. Neste momento, un dos tramos en peor estado, é o que atravesa o Concello de Quiroga, lugar en que poden apreciarse fondas fochancas e fendas no firme. Así entre Quiroga e Augasmestas, a capa de rodadura está nun estado deplorábel o que implica un maior risco de accidentes e de danos para os vehículos que circulan. Unha situación que empeora en períodos de intensas choivas como os producidos no trimestre invernal, en que as fochancas

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

27 MAR. 2025 11:00:01

Entrada **63081**



agrúndanse, ao tempo que son máis difíciles de esquivar por estar cubertas pola auga, favorecendo os accidentes e as avarías.

Ao mal estado do firme, neste mesmo tramo, súmase a falta de conservación das marxes, en que o crecemento da vexetación invade as beiravías e dificulta a visibilidade.

Aínda que en decembro pasado o Ministerio de Transportes adxudicaba un contrato para a conservación de estradas titularidade do Estado en Lugo que, en teoría, tamén beneficiaría a N-120, este tramo continúa sen recibir as actuacións de reparación e mantemento que son tan imprescindíbeis e urxentes. Por tanto, o BNG, ao igual que o conxunto da veciñanza das comarcas que atravesaba a N-120 e todas as persoas usuarias, reclama que se axilicen as actuacións e que se acometan, á maior brevidade, as obras para o acondicionamento da N-120 en todos os tramos en mal estado mais, especialmente, no que afecta ao Concello de Quiroga.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Cando vai o Goberno a levar a cabo as actuacións de mellora e rehabilitación do firme da N-120 contempladas no contrato adxudicado en decembro pasado para a conservación de estradas estatais en Lugo?
2. Non cre que se deberían axilizar estes traballos dado o mal estado de moitos dos seus tramos, como ao seu paso polo municipio de Quiroga, con numerosas fochancas e fendas?
3. Ten previsto tamén acometer labores de limpeza das marxes da estrada nesta zona para mellorar a visibilidade?



4. Cando prevé executar a mellora do tramo situado entre Pantón e Os Peares da N-120, un dos tramos de maior sinistralidade do Estado?

Madrid, a 27 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**